



RESOLUCIÓN DO 21 DE XANEIRO DE 2011, DO TRIBUNAL NOMEADO PARA CUALIFICAR O PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL LABORAL FIXO DO INTECMAR, POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE (GRUPO IV- CONDUCTOR), POLA QUE SE FAI PÚBLICA A DATA, A HORA E O LUGAR DE REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN.

En sesión que tivo lugar o día 20 de xaneiro de 2011, o tribunal designado en virtude de Resolución do 11 de novembro de 2010 (DOG núm. 223 do 19 de novembro) para cualificar o proceso selectivo de persoal laboral fixo do Intecmar (Grupo IV -conductor), adoptou de conformidade coas bases da convocatoria e demais normativa que resulte de aplicación, os seguintes ACORDOS:

Primeiro.- Convocar aos aspirantes ao primeiro exercicio da fase de oposición, que terá lugar o día 27 de xaneiro de 2011, no Salón de Actos da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), sita no Polígono de Fontiñas, Rúa de Madrid 2-4, Santiago de Compostela, en chamamento único ás 10.30 horas.

Segundo.- Os aspirantes deberán presentarse para a realización deste exercicio, provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, lapis do número 2 e goma de borrar.

Terceiro.- Os aspirantes non poderán acceder ao recinto do exame provistos de teléfono móbil, axendas ou demais dispositivos de carácter electrónico . Advírtese que non haberá servizo de recollida de teléfonos móbiles.

Vilaxoán, 21 de xaneiro de 2011

Emiliano Cacho Barrio



intecmar
TRIBUNAL
GRUPO IV

Presidente do Tribunal